

**TEMA 1. A POESÍA DAS IRMANDADES DA FALA. Características, autores e obras representativas.**

Nos primeiros anos do século XX prodúcese unha situación de estancamento cultural que vai cambiar a partir de 1916 coa aparición das **Irmandades da Fala**. Estas asociacións culturais e políticas nacionalistas tiñen o obxectivo de fomentar e dignificar o uso do galego, pero levaron a cabo un **labor** máis amplo: no eido da política (con elas prodúcese o nacemento do nacionalismo), da cultura (fundación de editoriais, publicacións periódicas, impulso do teatro...) e da normalización do galego, reclamando a cooficialidade e introducíndoo en ambientes dos que estaba excluído.

Neste contexto, os poetas das Irmandades colaboran cos dous grandes movementos sociopolíticos de principios de século: **o nacionalismo e o agrarismo**, razón pola que nas súas obras son temas habituais a defensa de Galicia e as reivindicacións dos campesiños.

Así, a maioría dos autores da época escribe unha poesía realista e tradicional, dominada polo paisaxismo e polo costumismo rural e os temas relacionados coa ideoloxía agrarista. É o caso de **Crecente Vega**, autor de *Codeseira*; **Victoriano Taibo**, autor de *Abrente*; **Álvarez Limeses**, que dá nome á promoción destes autores coa obra *Antre dous séculos*; **López Abente** achega temas e paisaxes mariñas en *Escumas da ribeira* ou *Nemancos*.

Non obstante, **as voces máis representativas** son **Noriega Varela e Ramón Cabanillas**, que fan unha posta ao día desas tendencias, incorporando novas estéticas de principios de século, especialmente do modernismo.

**NORIEGA VARELA** é o poeta máis destacado da liña tradicional. Toda a súa poesía acabou recollida nun único volumen, *Do ermo*, mesmo a anteriormente publicada baixo o título de *Montañasas*.

Ambos títulos xa revelan o **tema central da súa poesía**: a paisaxe montañesa do interior da provincia de Lugo, dominada polo ermo.

Malia esta constante, advertimos nos poemas desta obra unha **dobre evolución, tanto nos temas coma na forma**: canto á temática, as primeiras composicións tratan do costumismo ruralista, centrado na vida campesiña. As composicións posteriores cambian ao que deu en chamarse lirismo da natureza: a paisaxe acada todo o protagonismo e a presenza humana redúcese á soidade do poeta nesa natureza. Nesta última temática salienta a **actitude franciscanista do poeta**, xa que expresa a súa admiración ante os elementos máis humildes da paisaxe: a flor do toxo, un vermiño, unha pociña nun penedo...

**Lingüística e estilisticamente** tamén muda: as primeiras composicións son poemas breves escritos co falar popular dos labregos e cunha métrica tamén popular e tradicional. Máis adiante, procura un maior coidado da forma, con linguaxe e métrica cultas, como apreciamos nos seus sonetos.

**RAMÓN CABANILLAS** foi o gran poeta da época, o voceiro do galeguismo e do agrarismo. Combina tradición e renovación, ao fusionar a poesía cívica con formas renovadoras das grandes correntes de principios de século, especialmente do modernismo.

A súa ampla produción poética adóitase dividir en dúas categorías: **poesía lírica e poesía narrativa**.

Na **poesía lírica** destacan tres poemarios: *No desterro*, *Vento mareiro* e *Da terra asoballada*.

Nestas obras trata as tres grandes **liñas temáticas**: algúns poemas intimistas na liña de Rosalía; poesía cívica de carácter social e combativo, seguidora de Curros e Rosalía, na que amosa o compromiso agrarista e galeguista; e poesía costumista, aínda que renovada con elementos modernistas e humorismo, que o afastan dos vellos tópicos aldeáns.

Tamén pertencen a esta liña o poemario intimista e amoroso *A rosa de cen follas* e *Da miña zanfona*, de ton máis coloquial

Na **poesía narrativa**, amais de narrar a historia do santo n' *O bendito San Amaro*, e de loar a vida monacal en *Samos*, escribe unha das obras cimeiras da poesía galega de todos os tempos, *Na noite estrelecida* (1926)

Trátase dun longo poema estruturado en tres sagas ou poemas narrativos: *A espada Escalibur*, *O cabaleiro do Santo Grial* e *O sonho do rei Artur*.

Argalla a historia fusionando distintos temas: A materia de Bretaña (as lendas do rei Artur, Merlín, Galahaz, a busca do Santo Grial...); o celtismo (a orixe e os mitos celtas son, para os autores da época, un factor determinante da identidade diferenciada de Galiza); a ideoloxía nacionalista das Irmandades e o idealismo cristián (que era usado pola teoría nacionalista da época)

*Na noite estrelecida* é o gran poema mítico e simbólico do galeguismo. O **obxectivo** de Cabanillas era adaptar a lenda medieval para defender a mensaxe nacionalista das Irmandades. Con este fin, todo aparece galeguizado (paisaxes, personaxes, situacións, espazos...). O cabaleiro Galaaz, tras superar o itinerario e as as probas, convértese no perfecto cristián e o perfecto nacionalista, que guiará o pobo á liberdade (simbolizada no Grial que este atopa no Cebreiro)

Na **Forma** destaca o uso dunha linguaxe baseada nunha escolla léxica exquisita, eleva o galego ata un nivel culto e literario elevado. Estilisticamente, o preciosismo, a luz e o luxo sensorial ateigan a obra; o predominio dos versos longos alexandrinos, apenas interrompidos por algunhas secuencias máis dinámicas de heptasílabos e octosílabos, conférenlle solemnidade á descrición, que domina a obra, e á acción demorada.

En definitiva, axunta o mellor da nosa tradición coas estéticas de principios de século para levar a nosa linguaxe poética á plena madurez.

**TEMA 2. A POESÍA DE VANGARDA. Características, autores e obras representativas.**

Nas primeiras décadas do século XX xorden en Europa as vangardas, movementos artísticos que realizaron unha renovación radical da estética, rompendo co tradicional e creando novas formas e linguaxes. No nacemento das vangardas influíron as transformacións sociais, políticas, científicas e tecnolóxicas, que cambiaron a maneira de percibir a realidade.

Malia á diversidade de tendencias vangardistas ou *ismos*, obsérvanse **características comúns**: a arte non debe imitar a realidade, senón crear unha realidade nova ou interpretala doutra maneira; o/a artista debe ter liberdade absoluta, ser orixinal e desbotar as normas e a tradición, proclámase unha arte deshumanizada e unha actitude antisentimental; anóvase a linguaxe poética, empregando léxico do mundo contemporáneo, ruptura das normas da escrita, predominio das imaxes irracionais...Os autores proclaman os seus principios en manifestos.

**Os principais movementos de vangarda internacionais** son: **o futurismo**, que exalta o mundo moderno e industrial nunha linguaxe acorde ao tema; **o surrealismo** introduce as manifestacións do subconsciente, os sonhos, os delirios e o subconsciente; **o cubismo** descompón xeométricamente a realidade; **o creacionismo**, unha variante do cubismo, caracterízase por non imitar a realidade, senón por crear unha realidade nova, un mundo propio (esta é a tendencia que segue Manuel Antonio).

Canto ás **VANGARDAS NA LITERATURA GALEGA**, o eco das vangardas internacionais chega a Galicia nos anos 20 e 30 coa **XERACIÓN DO 25**. Trátase dunha xeración de escritores nados na primeira década do século, formados no ambiente das Irmandades e discípulos do grupo Nós, cos que colaboran estreitamente para crear o SEG ou o PG, e escribindo na revista *Nós* e n'*A Nosa Terra*. Do Grupo Nós herdan o afán modernizador e europeizador da nosa cultura e literatura, que poñen ao día nas revistas poéticas vangardistas que publican: *Alfar*, *Ronsel*, *Resol*, *Papel de color*, *Yunque*, *Cristal*; nalgúnhas chegaron a colaborar sobranceiras figuras foráneas das distintas tendencias da vangarda.

Son, polo tanto, os responsables da renovación poesía galega seguindo as vangardas europeas, pero, en xeral, os poetas galegos non adoptan unha ruptura absoluta coa tradición, senón que se moven entre a tradición e a modernidade. As razón disto é o seu compromiso galeguista e social, e o feito de que a nosa literatura non estivese consolidada como para enfrontarse aos poetas tradicionais. Só uns poucos, como M. Antonio se achegan a un vangardismo máis rupturista.

Así, nos **movementos vangardistas galegos** debemos distinguir:

**Movementos especificamente galegos**, que non son propiamente vangardistas, senón renovadores da tradición:

**O neotrobadorismo** é unha recreación temática e formal das vellas cantigas medievais, especialmente das de amigo. A publicación, uns anos antes, dos cancioneros medievais en Portugal impresiona a estes mozos ao descubriren un antecedente de esplendor das nosas letras.

Salientan dous poemarios de 1933: *Nao senlleira* de **Bouza Brey**, fiel ao modelo medieval; *Cantiga nova que se chama riveira* de **Álvaro Cunqueiro**, quen engade imaxes modernas ao vello modelo. Na posguerra escribirá Cunqueiro as maiores xoias neotrobadorescas.

**O imaxinismo ou hilozoísmo**, unha posta ao día da poesía paisaxística: trata o tema tradicional da paisaxe personificada, cunha métrica popular e sinxela, pero engádelle imaxes moi novidosas. O

máximo representante é **Amado Carballo**, con dous poemarios de finais dos anos 20, *O galo e Proel*.

Nos **movementos propiamente vangardistas** salientamos a **Álvaro Cunqueiro**, que escribe a principios dos 30 dous poemarios vangardistas:

En *Poemas do si e non*, libremente vangardistas con influencia surrelista, narra unha historia erótica que queda tamén nun segundo plano: o importante son as imaxes arbitrarias.

En *Mar ao norde*, Cunqueiro segue o creacionismo de Manuel Antonio, presentándonos nuns breves poemas un mar abstracto, puro e luminoso, no que importa máis o xogo verbal ca o contido.

O cumio vangardista da xeración acáda o rianxeiro **Manuel Antonio**, coa obra creacionista *De catro a catro* (1928):

O espírito rupturista e irreverente deste autor plasmado no manifesto *Máis alá !* No que rexeita *os vellos* e expresa a vontade de romper coas normas e coa tradición. Escribe outros catro libros que non foron publicados ata os 70 (*Con anacos do meu interior, Foulas, Sempre e mais despois, Viladomar*)

**Formalmente**, *De catro a catro* é un poemario totalmente vangardista, escrito coas técnicas creacionistas:

- O esencial son as imaxes: o poema é unha sucesión de imaxes vangardistas, irrealis e arbitrarias coas que crea un mundo poético independente da realidade.
- Utiliza o versolibrismo, abandonando a métrica tradicional.
- Máis que estrofas atopamos estratos autónomos que non seguen unha secuencia temporal nin narrativa.
- Adopta unha tipografía novidosa: disposición irregular dos versos, uso enfático de maiúsculas, ausencia de signos ortográficos, etc. Usa un léxico cheo de termos mariños, con estranxeirismos e tecnicismos.

Pero **tocante ao contido**, M. Antonio non segue o principio vangardista da dehumanización da arte e, malia semellar superficialmente unha viaxe mariña intrascendente, tratase dunha poesía existencial: o mundo mariño que nos presenta, cun mar sen color e nocturno, reflicte simbolicamente, na totalidade e en cada un dos elementos os temas da angustia vital do eu poético, do paso do tempo e da soidade irremediabiles.

Esta revolucionaria poética non tivo continuadores ata finais do século XX por mor da guerra civil e da ditadura.

### TEMA 3. A PROSA NO PRIMEIRO TERZO DO S. XX: As Irmandades da Fala e o grupo Nós (narrativa, ensaio, xornalismo)

As IF e o Grupo Nós desenvolveron unha **intensa actividade política, literaria, científica e cultural**: foron os artífices do **nacionalismo**; no eido cultural, crearon as editoriais *Céltiga*, *Lar* e *Nós* como medio de divulgar o seu traballo; desenvolveron o **xornalismo** co semanario *A Nosa Terra* (1916-36) e a revista mensual *Nós*, aberta á colaboración de escritores foráneos e na que se publicaron traballos de todos os campos da cultura, co obxectivo de modernizar e europeizar a cultura galega. Os máis novos achéganse ás vangardas coas revistas vangardistas *Alfar*, *Ronsel*, *Resol*, *Cristal*, *Yunque*, *Papel de Color*. **Consolidaron o ensaio en galego**, coa creación do SEG, que realiza investigación científica sobre Galicia, publicando artigos, tratados, estudos, etc na nosa lingua. En definitiva, iniciaron a extensión do galego para todos os usos.

**No eido literario**, nesta etapa hai varias promocións de narradores: os máis vellos son continuadores da prosa do século XIX, de temática ruralista e costumista: *Néveda* de Francisca Herrera Garrido ou *As aventuras de Alberte Quiñoi*, de Manuel García Barros.

**Os autores das IF** adicáronse sobre todo á poesía e ao teatro, pero destacan **algúns narradores** coma **Xaime Quintanilla**, coa novela curta *Saudade*, e **Armando Cotarelo Valledor**, autor de *Contos de Nadal*.

O **Grupo Nós** é a xeración máis importante da literatura galega contemporánea, xa que desenvolveron unha importantísima actividade política e cultural. Canto á literatura, **consolidaron a prosa, o teatro e o ensaio galegos**.

**Castelao** non comparte a evolución ideolóxica do **Cenáculo Ourenán (Risco, Pedrayo Cuevillas)**, que antes de chegaren ao compromiso nacionalista estaban fascinados polas correntes europeas e desprezaban a cultura galega.

**VICENTE RISCO**. Escribe toda a súa obra na súa etapa galeguista anterior á guerra. Elabora unha narrativa de carácter intelectual moi vencellada ao seu pensamento filosófico e ao seu labor de etnógrafo.

Estréase escribindo **relatos breves**: dentro do seu **modernismo inicial**, publica *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, un relato humorístico e esotérico no que o protagonista libera a momia do faraón Tutamkhamon.

Nos anos 20, publica **relatos de base folclórica** e **mensaxe galeguista**: *A velliña vella*, *O lobo da xente*, *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* e o dialogado *A Coutada*.

Contra o final da década, na **etapa satírica**, publica a primeira novela moderna das nosas letras, *O porco de pé*, sátira humorística e descarnada sobre a ignorancia e o materialismo dos señoritos, “filisteos”, da sociedade urbana ourensá; sobresaie a brillantez estilística e a enorme riqueza de recursos lingüísticos.

**Escribe tamén ensaio**: amais dunha amplísima obra etnográfica e antropolóxica, é autor de *Teoría do nacionalismo galego* (1920), o principal referente da ideoloxía galeguista da época. En *Mitteleuropa* dános a súa visión da Alemaña dos 30 baixo o seu prisma tradicionalista e antimarxista. No artigo *Nós os inadaptados* explica a conversión ao galeguismo dos homes do Cenáculo.

**OTERO PEDRAYO.** Foi o narrador máis prolífico do grupo. **O tema central** da súa obra é Galicia, a medieval n'*A romaría de Xelmírez*, e sobre todo a Galicia contemporánea e as transformacións no paso do século XIX ao XX. Os **temas recorrentes das súas novelas son:** a visión nostálgica do mundo rural tradicional que desaparece; a decadencia da fidalguía e dos mosteiros fronte á aparición da burguesía urbana, foránea e inculta; o nacemento do galeguismo; a defensa da tradición, da cultura e da lingua e o canto á paisaxe. Os **personaxes** son prototípicos e simbólicos, representantes de sectores ou estamentos da sociedade galega, por veces el mesmo ou membros da súa familia.

O seu **estilo** é riquísimo e variado, destacando por un inusual dominio e coñecemento do idioma.

A maioría dos seus **relatos breves** tratan a temática da fidalguía e da paisaxe, e están recollidos en dúas coleccións: *Contos do camiño e da rúa* e *Entre a vendima e a castañeira*.

**Entre as súas novelas**, realistas ou culturais, salientan as tres nas que recrea cronoloxicamente a Galicia contemporánea:

*Os camiños da vida* narra a morte da Galicia tradicional do século XIX, recreando a súa Trasalba, para rematar coa esperanza dunha Galicia culta e galeguista;

*Arredor de si* retrata a dolorosa conversión ao galeguismo de Adrián Solovio, un trasunto propio e xeracional

*Devalar* pecha esa progresión coa asunción plena da conciencia galeguista nos tempos do SEG.

**Na súa extensísima obra ensaística** abrangue case todos os ámbitos humanísticos: historia, xeografía, paisaxe... Destaca o *Ensaio histórico sobre a cultura galega*.

**CASTELAO:** é un artista polifacético (escritor, pintor, debuxante). A súa concepción da arte réxese por dous principios: a arte debe ter unha función social, ao servizo das clases populares; e a necesidade de crear unha arte galega encamiñada á dignificación de Galiza.

Por iso, os **temas** da súa narrativa son os problemas do pobo, desvelando as inxustizas que padece a través do lirismo afectivo e do humorismo (utiliza sobre todo a técnica do contraste).

O máis xenuíno na súa obra é **a mestura da plástica e da literatura**. O **estilo** é sinxelo e preciso, pero de grande calidade estética, destacando a capacidade de **síntese**, o uso do **humor** como arma de denuncia das inxustizas sociais e a **perspectiva afectiva**.

Estréase tamén escribindo **relatos:**

*Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* denuncia humorística de actitudes e situacións sociais inxustas.

*Cousas* representa o máis xenuíno da súa narrativa pola conxunción da expresión plástica e verbal; as breves prosas chegan, nalgún caso a converterense en verdadeiros poemas; esta mestura de debuxo e prosa, en menor medida, atopámola no resto da súa obra.

*Retrincos* evoca en cinco relatos vivencias da súa infancia e mocidade, reflexionando sobre distintos aspectos da vida humana, baixo unha óptica de solidariedade cos máis desfavorecidos.

Por último, deixounos a novela *Os dous de sempre*, un clásico que enfrenta en paralelo as biografías antitéticas de dous personaxes, Pedriño e Rañolas.

No **campo do ensaio** remata no exilio bonaerense a obra magna do ideario galeguista, *Sempre en Galiza*. No "adro" (introdución) e nos catro libros que a integran amosa o seu pensamento político democrático e nacionalista, defende Galicia como nación e aborda, con sorprendente rigor, a orixe e a situación sociolingüística do idioma.

De canda as primeiras obras de Nós, é a primeira edición de *Dos arquivos do trasno*, do rianxeiro **Rafael Dieste (autor máis novo, da xeración do 25):** un fito na modernización do relato galego.

**TEMA 4. O TEATRO DO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX. As Irmandades da Fala, as vangardas e o Grupo Nós.**

O cultivo e a madurez do noso teatro prodúcense máis tarde ca os dos outros xéneros literarios, por mor da complexidade da actividade teatral, que necesita texto literario, pero tamén directores, compañías, infraestruturas, etc. que en Galicia faltaban. Así, ata o impulso dado polas Irmandades nos anos 20 e 30 non podemos falar con propiedade dun verdadeiro teatro galego.

Os **rexionalistas**, na procura dun teatro de noso, xa deran os primeiros pasos nos albores do século XX, botando a andar en 1903 a **Escola Rexional de Declamación** para fomentar a aparición de textos e actores; tamén incluían pequenas representacións no medio das actuacións dos grupos folclóricos.

Escriben textos de ambientación ruralista e temática costumista ou social. Podemos salientar *A ponte*, un drama de contido social de Lugrís Freire que achega dúas novidades: está escrito en prosa e nun galego moderno.

**AS IRMANDADES DA FALA** foron **os verdadeiros impulsores do teatro foron**. Procuraron un teatro de calidade con dous obxectivos: dignificar a cultura e o idioma, e espallar entre o público o ideario galeguista. Con este fin crearon na Coruña o **Conservatorio Nacional da Arte Galega** e promoveron agrupacións artísticas adicadas ao teatro por diversas vilas.

Entre os numerosos **autores das Irmandades** hainos que aínda escriben ao vello estilo ruralista e costumista, social ou histórico, pero outros dan o paso para a modernización.

**Seguen o modelo tradicional** autores coma San Luís Romero coa peza de contido social *O fidalgo*, moi exitosa daquela.

**Nunha posición intermedia** sitúanse outros, coma Cotarelo Valledor, quen salienta polo coidado da lingua e a caracterización dos personaxes en pezas de distinta temática e ambientación: dramas rurais coma *Lubicán*, de ambiente mariñeiro coma *Beiramar*, ou o drama histórico sobre a execución de Prisciliano, *Hostia*.

**Máis moderno e culto** é o teatro escrito por **Villar Ponte** e **Ramón Cabanillas**. O primeiro, coautor d'*O Mariscal* con Cabanillas, achéganos pezas de contido social e galeguista, algunhas recollidas no volume *Triptico teatral*.

**Cabanillas** é autor de dúas pezas:

*A man da Santiña*: unha comedia en prosa de asunto amoroso con desenlace feliz, algo ben arredado da súa poesía combativa; o obxectivo era galeguizar un teatro ao uso.

*O Mariscal*: un drama histórico no que recrea a mítica figura do mariscal Pardo de Cela; foi escrita en verso co obxectivo de se converter na primeira ópera galega. Achega as dúas constantes do autor: estética modernista e ideario nacionalista.

**O TEATRO DO GRUPO NÓS**. Debémolles as obras de madurez definitiva do noso teatro. Sepultan definitivamente o vello teatro baseado no texto literario e no costumismo ruralista, pasando a realizar un teatro á altura dos tempos **fusionando** as raíces da nosa **tradicón** coa **modernidade** das novas tendencias europeas, con elementos simbólicos e vangardistas.

Elaboran un “teatro de arte”, un teatro espectáculo ou total, estilizando todos os elementos escénicos: lingua, música, mímica, danza, pintura, luminotecnia...

Foi Castealo o inspirador destas teses, pero os tres fixeron as súas aportacións.

**Risco** achéganos a peza *O bufón de El-Rei*, un drama en catro pasos ubicado no medievo e con alusións á materia de Bretaña. A través do personaxe do bufón reflexiona, como en parte da súa narrativa, sobre a relación entre a deformidade física e moral.

**Otero Pedrayo** foi o máis prolífico:

Salienta a traxedia rural de fondo dionisiaco *A lagarada*, unha crítica da miseria económica e moral da sociedade rural da época, na que inclúe cantos corais e escenas líricas fantásticas.

Con elementos semellantes aos de Castelao escribe *Teatro de máscaras*: dezaseis guións teatrais cheos de fidalgos, cregos, ánimas, borrachos...

Na posguerra escribiu a fábula humorística *O desengano do prioiro*, e os monólogos líricos *O fidalgo e a noite* ou *Noite compostelana*.

**Castelao** só escribiu unha peza, *Os vellos non deben de namorarse*, a obra máis representada e referenciada da nosa historia. Estreouna xa exiliado en Bos Aires, en 1941, encargándose el mesmo da dirección e de todo o deseño plástico: escenografía, figuríns, luces, máscaras...

Trátase dunha traxicomedia na que funde a tradición co simbolismo e o expresionismo nun espectáculo global ou, como el mesmo dixo, unha farsa de “síntese artística”:

**Elementos tradicionais son:** o tema: o amor a destempo de tres vellos que pretenden a tres mozas, o que causará o seu escarnecemento e morte; a estrutura paralelística en tres lances, que repiten personaxes e situacións, pechados por un epílogo, e parte dos elementos escenográficos: espantallos, caretas do entroido...

**Os elementos novidosos son:** a mestura de elementos artísticos de distinta índole (texto, canto, música, danza, pintura dos decorados...); o simbolismo dos elementos escenográficos (cores de vestidos e decorados, xogos coas luces e co escenario, etc.); o carácter guiñolesco das escenas expresionistas (caretas e caras pintadas, vestidos, espantallos...), que contrastan con outras máis realistas.

Castelao axuntou todas as súas facetas de artista multifacético (escritor, debuxante, pintor), adobiounas co seu humorismo e ragalounos o gran clásico do noso teatro.

**DA XERACIÓN DO 25** salienta **Rafael Dieste**, o autor máis importante e novidoso da promoción con *A fiestra baldeira*, unha comedia sobre o tema da identidade nunha vila mariñeira. Adiantase ao grupo Nós introducindo a estética vanguardista: estilización simbolista con grande importancia dos elementos escenográficos: decorados, luz, movemento...



**TEMA 5. A POESÍA ENTRE 1936 E 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.**

A Guerra Civil os primeiros anos da ditadura impediron o cultivo literario en galego, pervivindo este unicamente no exilio. Malia a represión e a censura, no ano 47, Aquilino Iglesia Alvariño publicou o primeiro libro da posguerra, *Cómaros verdes*. Pero o inicio certo da recuperación da actividade literaria en galego sucede no ano 1950, coa creación da **editorial Galaxia**.

Debido a esta delongada paréntese, coinciden agora publicando autores de idades e estilos diversos pertencentes a **tres promocións**:

**A XERACIÓN DO 36.** Autores nados entre 1910 e 1920, marcados vitalmente pola guerra e formados na súa primeira mocidade no ambiente do Grupo Nós e das vangardas. Supoñen unha ponte entre a literatura de preguerra e as novas promocións. Seguen tendencias diversas:

por mor da censura, inicianse cultivando as tendencias poéticas de preguerra: o **neotrobadorismo**, en *Cancioneiro de Monfero* de Álvarez Blázquez e *Dona do corpo delgado* de **Cunqueiro**; o **ruralismo**, en *Cómaros verdes*, de **Iglesia Alvariño** e en *Nimbos*, de **Díaz Castro**.

As tendencias máis novidosas e propias desta xeración son: o **clasicismo**, poesía de temática e formas clásicas na que salienta o mesmo **Iglesia Alvariño** con *Lanza de soledá*; o **intimismo radical** de **María Mariño**: os poemarios *Palabra no tempo* e *Verba que comeza*, lembran o intimismo desacougante de Rosalía e abordan a fusión mística coa natureza e mais o presentimento da morte cunha estética revolucionaria pola que foi denominada *dinamiteira da fala*. Tamén publica **Pimentel** *Sombra do aire na herba*, intimismo sentimental con achegas surrealistas, elaborado mormente antes da guerra.

Pero foi o **socialrealismo** a tendencia máis destacada da xeración, e **Celso Emilio Ferreiro** a súa voz principal tras o éxito de *Longa noite de pedra* (1962), que marca o triunfo do realismo social ata principios dos 70. Dominan os poemas combativos, a defensa de Galicia e da clase traballadora, pero atopamos tamén poemas intimistas (nostalxia da infancia) e poemas amorosos adicados á súa dona.

Nas súas obras trata tres temáticas que se manifestan entretécidas: a cívica, a intimista e a satírica. Destacan: *O soño sulagado*, *Viaxe ao país dos ananos*, *Antipoemas*, *Cantigas de escarnio e maldecir*.

O estilo caracterízase polo uso dun rexistro coloquial que facilita a comunicación cos lectores, o prosaísmo crítico. Abundan as alegorías e o simbolismo para representar dous mundos contrapostos: un positivo de luz, liberdade e xustiza, fronte ao negativo da escuridade, opresión e inxustiza.

**A PROMOCIÓN DE ENLACE.** Poetas nados entre 1920 e 1930 que se formaron nas duras circunstancias dos primeiros anos da posguerra, sen influencia da Xeración Nós e das vangardas. Este illamento estético e a falta de literatura en galego provoca que conformaren un grupo coherente e mesmo son escritores bilingües nos seus inicios. A súa poesía adoita reflectir o ambiente que lles tocou vivir: unha visión negativa do mundo e unha actitude resignada e desesperanzada.

Salientan: **Antón Tovar**, autor de *Arredores, Non, Calados esconxuros...*, poemarios intimistas de soidade e desánimo cun estilo sinxelo e musical; **Luz Pozo Garza**, autora de poemarios como *Concerto de outono* ou *Códice Calixtino*: unha poesía culta, chea de referencias artísticas e literarias, que evoluciona do vitalismo dominado polo amor a unha visión máis nostálgica e de ton elexíaco; **Manuel Cuña Novás** que abre, con *Fabulario Novo*, a **Escola da Tebra**, coa que se iniciará a promoción seguinte: poesía existencialista cunha visión anguriada e pesimista da vida.

**A XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS.** Escritores nados na década da guerra que comezan ao abeiro da xeración do 36 e do grupo Galaxia, pero que irán conformando a propia personalidade literaria e ideolóxica. Estréanse nas Festas Minervais compostelás e coa fundación do grupo e da editorial Brais Pinto en Madrid.

A maioría dos compoñentes, entre os que destacan **Manuel María, Bernardino Graña, Xohana Torres e Méndez Ferrín**, seguen unha evolución semellante, percorrendo tres tendencias sucesivas:

Iníciase na chamada **Escola da Tebra**, unha poesía de enfoque existencial e pesimista na que destacan **Manuel María** con *Muiñeiro de brétemas*; **Méndez Ferrín** con *Voce na néboa* e **Bernardino Graña** en *Poema do home que quixo vivir*.

O **socialrealismo** será cultivado tamén por todos eles nos anos 60 e primeiros 70, tras o éxito de *Longa noite de pedra*. Os temas fundamentais son a denuncia da opresión, a guerra, o sentimento nacionalista... Destacan **Manuel María**, que inicia esta tendencia coa obra *Documentos persoais e* continúa en *Poemas pra construír unha patria*, e Méndez Ferrín, autor de *Antoloxía popular*, logo convertida en *Poesía enteira de Heriberto Bens*, centrada na temática política e reivindicativa, pero de gran nivel formal con achega de recursos clásicos e vanguardistas.

Co remate da ditadura, decae o predominio absoluto do socialrealismo, para dar paso a unha **renovación poética** que abrirá o camiño da poesía de fin de século: tematicamente recupérase a poesía intimista cos grandes temas eternos do xénero: amor, morte, paso do tempo... Estilísticamente, triunfa a preocupación estética e o coidado formal, acudindo tanto ao mundo clásico coma ao vangardismo.

Neste cambio foi determinante a publicación de *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín. O título deste poemario sintetiza o seu carácter: aínda persiste a poesía revolucionaria (“pólvora”), pero aparece intimismo de gran preocupación estética: (“magnolias”): os temas da nostalgia, o paso do tempo ou a presenza inexorable da morte son agora tratados con un coidado exquisito da forma en poemas de rexistro culto e cheos de variadas referencias culturais clásicas e modernas, como a pegada da xeración beat americana.

Outros poetas desta xeración son: **Avilés de Taramancos** e a figura senlleira de **Uxío Novoneyra**, cumio da poesía paisaxística galega con *Os eidos*: unión mística coa natureza do Courel e unha estilística novidosa en poemas breves dominados eufonicamente pola linguaxe caurelá e o fonsimbolismo.

**TEMA 6. A PROSA ENTRE 1936 E 1976. Os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas.**

A Guerra civil trincou o labor cultural desenvolvido durante a preguerra e impediu a continuidade da narrativa, que acadara a madurez co grupo Nós. Mentres, os narradores do exilio relatan nas súas novelas a crónica da guerra, dos fuxidos e do desterro. No ambiente de opresión e de censura da ditadura, os intelectuais da xeración do 36 crean a editorial Galaxia en 1950, coa que se inicia unha lenta pero progresiva recuperación da actividade literaria en galego. Así, autores de distintas idades e estilos coincidirán publicando nos anos 50.

Por unha banda, hai unha **liña de continuación da prosa da Xeración Nós**. En 1951 Carballo Calero, pertencente á xeración do 36, publica a primeira novela de posguerra, *A xente da Barreira*, que narra, na liña de Pedrayo, a vida de varias xeracións dunha familia fidalga. Reaparece Otero Pedrayo coa colección de contos *Entre a vendima e a castañeira* e parodiando o tema fidalgo na novela *O señorito da Reboraina*.

Pero serán **catro autores os que renoven a nosa prosa con tres tendencias ben distintas: Ánxel Fole** fai unha recreación culta dos contos orais tradicionais; **Álvaro Cunqueiro** estrea o realismo máxico; **Blanco Amor e Neira Vilas** achegan cadansúa versión do realismo social.

**Fole** publica entre os anos 50 e principios dos 80 catro coleccións de contos: *Á lus do candil*, *Terra brava*, *Contos da néboa* e *Historias que ninguén cre*.

Emprega técnicas narrativas propias dos contos de tradición (a fórmula do inicio, ás apelacións saos oíntes, o conto enmarcado...). Tematicamente, os contos tamén recollen o material da nosa tradición oral: o misterio de lendas e mitos tradicionais (ánimas, aparecidos, lobo...) e ofrecen unha completa visión de Galicia rural: a fala, os costumes, etnografía, maneira de ser, experiencias esotéricas, psicoloxía popular... Nun estilo que reproduce a lingua falada nas terras de Lugo.

**Cunqueiro**, poeta mozo antes da guerra, faise tamén narrador a partir dos 50 para nos ofrecer unha literatura enormemente singular.

No seu realismo máxico, denominación que el desbotaba por considerar real todo canto é, salientamos dous trazos: unha temática na que mestura realidade e fantasía, sexan mitos recreados de xeito realista nas novelas, sexan personaxes populares de base real elevados ao marabilloso nos contos; un estilo de base poética dominado polo lirismo e o humorismo.

Nas **novelas** recrea mitos fantásticos de orixe literaria: celtas e da materia de Bretaña en *Merlín e familia* e n' *As crónicas do sochantre*; oriental-arábigo en *Se o vello Sinbad volvese ás illas*. Ese material mítico recreo con técnicas realistas, galeguizándoo e achegando os personaxes á realidade cotiá. Tecnicamente emprega a estrutura radial: algúns elementos fixos que lle dan unidade (espazo central, narrador...), pero episodios autónomos, de maneira que o conxunto semella un encadeamento de contos.

Nas tres coleccións de **contos breves**, *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e acolá* e *Os outros feirantes*, retrata tipos populares do rural, ofrecéndonos en conxunto un fresco plural da personalidade dos paisanos galegos. O dominio das técnicas do conto oral dálles unha

aparencia de relatos contados oralmente, con profundo humor e mestría lingüística. O procedemento é inverso ao das novelas: a base é o paisano real, a fantasía dispárase logo.

Ben diferente é a narrativa de **Blanco Amor**, que nos achega desde o exilio arxentino obras mestras do realismo social, unha crónica social, cultural e económica de Galicia na que se compromete coa defensa de Galicia, da clase obreira, dos oprimidos e dos marxinais.

Son historias realistas e urbanas ubicadas en Auria (trasunto do Ourense dos seus anos mozos), contadas nunha fala popular acaída a personaxes e ambientes, e co uso das modernas técnicas narrativas.

*A esmorga* relata a traxedia e morte de tres personaxes marxinais dos arrabaldes ourensáns, que se ven atrapados polos factores externos, a opresión e a represión dunha sociedade inxusta, e tamén polas súas propias eivas de marxinais; isto, xunto co alcohol e un ambiente dominado pola chuvia, a lama e o frío non lles deixa saída. Estilisticamente convértese nun clásico das nosas letras, no que salientan o acaído dun rexistro lingüístico popular axeitado a ambientes e personaxes, xunto coa novidade da técnica de interrogatorio ou telefónica que domina case toda a obra.

*Xente ao lonxe* recrea o mundo obreiro de principios de século XX, centrándose nas múltiples vivencias dunha familia proletaria: a educación, a política, as tensións relixiosas, a pobreza e a explotación, a hipocresía social... Unha novela de aprendizaxe e tamén un gran retrato social da época.

Nos sete relatos d'*Os biosbardos* ofrécenos tamén unha radiografía daquela sociedade autoritaria rexida pola Igrexa e a Escola. A través dos nenos e adolescentes que nos contan a súa peripecia vital en primeira persoa, adiviñamos bastantes elementos autobiográficos.

No ronsel da estética socialrealista inscríbese tamén **Neira Vilas**, un autor case trinta anos máis novo que elabora nunha ampla obra narrativa unha denuncia da realidade galega tomando como base temática dous factores que conforman a súa biografía e a de centos de milleiros de galegos: o mundo da aldea (unha sociedade miserable material e moralmente, que el viviu antes de emigrar á Arxentina) e o mundo da emigración (que el tamén viviu na Arxentina e en Cuba).

Estilisticamente, bázase na lingua popular, na emotividade e nun amplo abano de modernas técnicas narrativas: variedade de voces e puntos de vista, e variedade de estruturas: forma de diario, epistolar, de conversa, montaxe ao xeito cinematográfico, uso do contrapunto...

Os relatos e novelas centrados na aldea amósannos un mundo atrasado e inxusto, a miúdo tráxico e violento, cuns personaxes sometidos pola dominación política e relixiosa, e polos propios prexuízos. Esta visión aparece dun xeito emotivo e inxenuo, por mor do protagonista infantil, na súa primeira novela, que foi lida masivamente, *Memorias dun neno labrego*. Cunha ollada máis racionalizada retrátanos o mesmo mundo o protagonista adolescente de *Cartas a Lelo*; dureza e violencia dominan, pola perspectiva adulta, os contos de *Xente no rodicio*.

As historias ambientadas na emigración, como *Camiño bretemoso*, *Historias de emigrantes...*, narran os problemas dunha emigración forzosa a América para saír da miseria: illamento, angustia, morriña, inadaptación ao mundo urbano, etc.

## TEMA 7. A NOVA NARRATIVA GALEGA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS

A intensa acividade cultural do primeiro terzo do século XX foi interrompida por mor da guerra e da represión exercida nos primeiros anos da ditadura. No ano 1950 créase a editorial Galaxia, coa que se inicia a lenta recuperación da nosa literatura, publicándose obras de autores e tendencias moi diversas. Nesta editorial estréanse, nos anos 60, unha xeración de autores/as da chamada **Nova Narrativa Galega (NNG)**.

oñécese con este nome o conxunto de obras datadas entre 1954 (publicación de *Nasce un árbore*, de Gonzalo Mourullo) e 1971 (publicación de *Adios, María*, de Xohana Torres), coas que se produce a renovación e posta ao día da nosa narrativa (tan necesaria tras a longa paréntese), superando os modelos existetes e incorporando novos temas e novas técnicas da narrativa universal. Con todo, os autores da NNG, só participan desta tendencia na súa primeira etapa como narradores, pois a partir dos anos 70 xorden personalidades literarias diversas e particulares.

Estes autores, caracterizados pola súa formación universitaria e por seren bos coñecedores da literatura publicada noutros países, toman como **referentes** os grandes narradores europeos e americanos que revolucionaran a narrativa universal no século XX, sobre todo Joyce, Kafka, os americanos John dos Passos e Faulkner, e varias referencias francesas: Proust, os autores do Nouveau Roman e os existencialistas Sartre e Camus.

**Os aspectos renovadores das obras da NNG** máis significativos son: adoptan novos puntos de vista, coma o enfoque múltiple e a multiplicidade de voces narrativas, con predomino das formas variadas de primeira persoa (protagonista, testemuña, monólogo interior...); prodúcese a ruptura da linealidade temporal con analapses e prolepses; predominan os espazos urbanos (reais ou imaxinarios) e os ambientes deshumanizados e claustrofóbicos, así coma os ambientes oníricos ou irrealis; empregan o obxectalismo, que lle concede gran importancia aos obxectos, descritos minuciosamente.

Con respecto aos personaxes, estes soen ser antiheroes, atormentados e dominados por instintos primarios (violencia, irracionalidade...).

Tratan novos temas, ausentes na narrativa galega anterior: o absurdo, o illamento do individuo, angustia, soidade, irrealidade, sexo, violencia..., que amais de reflectiren a alienación e deshumanización da sociedade occidental, describen e denuncian simbolicamente a opresión franquista.

Empregan, ademáis, unha lingua renovada, adaptada ao mundo urbano e á sociedade moderna

Entre os **autores e autoras máis representativos da NNG** destacan:

**Gonzalo Rodríguez Mourullo**, autor dous libros de relatos inaugurais da NNG: *Nasce un arbre* (1954) e *Memorias de Tains* (1956). Nun ambiente absurdo e angustioso mestura realidade e ficción baixo a clara influencia de Kafka.

**Camilo Suárez Llanos**. Autor de *Lonxe de nós e dentro*, integrada por cinco relatos existencialistas, ou a novela *Como calquera outro día*, de técnica obxectalista, que trata sobre o modo de vida e as inquedanzas dos mozos de inicios dos 60. Desde os anos 80, fóra da estética da

NNG e asinando co pseudónimo de **Camilo Gonsar**, publicou *Cara a Times Square, Desfeia, Arredor de non*.

**Méndez Ferrín**. Comeza tamén a súa andaina coa busca da modernización técnica e o cultivo dunha temática culturalista arredada da realidade nos libros de relatos *Perceval e outras historias* e *O crepúsculo e as formigas*; na súa primeira novela, *Arrabaldo do norte*, achégase ao obxectalismo de orixe francesa.

Xa nos anos 70, elabora unha narrativa simbólica de temática social e política, mestura de realidade e ficción nas novelas *Retorno a Tagen Ata* e *Antón e os inocentes* ou os relatos *Elipsis e outras sombras* e *Crónica de Nós*. Desde a publicación de *Retorno a Tagen Ata* crea unha mitoloxía persoal que aparecerá reiteradamente en moitas obras posteriores: Tagen Ata (metáfora de Galicia) está en loita pola liberdade fronte a Terra Ancha.

Desde os anos 80 vén publicando maxistras libros de madurez, sexan novelas: *Arnoia, Arnoia, Bretaña Esmeraldina, No ventre do silencio*; ou libros de relatos: *Crónica de Nós, Amor de Artur*, que o consagran como un clásico en vida, tanto polo estilo (mestría no dominio da lingua e das técnicas narrativas, cunha peculiar combinación de dureza e lirismo), como por abordar unha temática variadísima, mestura de realidade e fantasía, chea de simbolismos e referencias culturais e míticas; ambientes misteriosos e de terror, e personaxes antiheroes e problemáticos nun mundo hostil e a miúdo violento.

**Carlos Casares**. Na primeira etapa, a propia da NNG, ata finais dos 70, procura a renovación técnica e temática, pero escribe unha literatura máis realista cá dos coetáneos. Reflicte a sociedade do seu tempo baixo a intolerancia e a represión do franquismo nos relatos de *Vento ferido* ou na exitosa novela *Xoguetes para un tempo prohibido*, un retrato da súa xeración.

Na segunda etapa, de madurez, abandona a NNG para empregar técnicas e enfoques máis tradicionais. Comeza co libro relatos *Os escuros soños de Clío*, no que domina a recreación realista de ambientes históricos e os personaxes enfrontados aos grandes problemas humanos: intolerancia, inxustiza, falta de liberdade, etc. Salientan as novelas *Ilustrísima*, sobre a traxedia dun bispo bo enfrontado á intolerancia; *Os mortos daquel verán*, acerca da guerra civil, e a súa derradeira novela *O sol do verán*, historia intimista dun amor desgraciado e ubicada máis no presente.

Coa promoción da NNG as mulleres incorpóranse plenamente á narrativa galega:

**Xohana Torres** segue os postulados de modernización técnica do grupo, pero tematicamente achégase máis ao realismo social en *Adiós María*, unha novela protagonizada por unha moza que vive os problemas da época: o choque do mundo urbano co rural, os problemas do proletariado vigués, a emigración, etc.

**María Xosé Queizán**, despois de se estrear coa novela obxectalista *Coa orella no buraco*, na que segue os parámetros do grupo nos anos 60, pasará a converterse na voz pioneira da narrativa progresista e feminista (foi a iniciadora do feminismo galego no campo do ensaio), retrocedendo aos tempos do priscilianismo en *Amantía* ou amosando intención provocadora e decadentismo en novelas como *Amor de tango, O solpor da cupletista* ou *Ten o seu punto a fresca rosa*. Na súa última novela, *Meu pai vaite matar*, domina unha perspectiva antipatriarcal e feminista.

## TEMA 8. O TEATRO GALEGO ENTRE 1936 E 1976. A XERACIÓN DOS 50 E O GRUPO DE RIBADAVIA.

A Guerra Civil e os primeiros anos da ditadura impediron o normal desenvolvemento da literatura galega, non sendo o xénero teatral unha excepción neste silencio. A creación da editorial Galaxia en 1950 significou un pulo decisivo no proceso de recuperación do teatro galego. A publicación de *Vieiro choído*, de Franco grande (1957) e *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de Cunqueiro (1958), marcan a consolidación dese proceso. Con todo, debido á censura e á maior dificultade do xénero teatral para ser representado, a presenza normal de obras nos escenarios non se produce ata finais do franquismo.

No panorama teatral desta etapa distínguense **tres promocións**:

A primeira intégrana os **autores maiores, das xeracións do 25 e do 36**. Elaboran textos a miúdo concibidos máis para seren lidos que para seren representados, dadas as dificultades do contexto. Salientan autores coma **Carballo Calero**, cultivador tanto dun teatro popular continuísta de Nós (*Farsa das zocas*) como doutro máis culto na onda europea do teatro existencialista ou do absurdo (*Auto do prisioneiro*); **Xenaro Mariñas del Valle** achégase ao esperpento e ao teatro social con obras como *A revolta*.

**Cunqueiro**, xunto con pezas concebidas máis para ler que para seren representadas, (*A noite vai coma un río*, *Palabras de vispora*) deixounos un clásico da nosa dramaturxia: *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, no que recrea con humor o mito literario de Hamlet.

**OS AUTORES DA XERACIÓN DOS 50** aportan obras de carácter heteroxéneo, tanto formal ecoma tematicamente (dramas históricos, psicolóxicos...), marcadas con frecuencia polo compromiso social a prol das liberdades e da defensa de Galicia.

Ademais de **Franco Grande** con *Vieiro choído*, entre os principais autores desta xeración destacan: **Manuel María**, autor dunha copiosa obra teatral (23 publicadas e 19 inéditas) composta por textos infantís, farsas, dramas épicos... Inicia a súa traxectoria como dramaturgo cos “autos”, teatro poético carente de acción: *Auto do taberneiro*, *Auto do labrego*, *Auto do mariñeiro*...

A finais dos 60, escribe obras que sirvan de concienciación social e ideolóxica, un teatro popular, reivindicativo, no que reflexiona sobre o noso pasado histórico ou satiriza sobre temas polémicos do presente: *Barriga verde*, *Abril de lume*, *Farsa de Bululú* e *Entremés da OTAN*...

**Xohana Torres**, que desde unha perspectiva feminina (destaca a caracterización dos personaxes femininos) achega un teatro psicolóxico e romántico de carácter social, abordando o tema do exilio por razón políticas no drama *A outra banda do Ibero* ou a expropiación forzosa de terras para facer un hotel en *Un hotel de primeira sobre o río*.

**Daniel Cortezón**, autor de importantes dramas históricos nos que recrea mitos históricos galegos desde unha perspectiva de compromiso social e patriótico: *Prisciliano*, *Os irmandiños*, *Pedro Madruga*...

**Bernardino Graña.** As súas obras amosan unha visión crítica sobre o poder do diñeiro e sobre a alienación das persoas na sociedade moderna: *Peza dramática en cinco pasos; Os burros que comen ouro (nunca cabalos rerán).*

**O GRUPO DE RIVADAVIA.** Por fin o teatro galego recibe un **forte impulso nos 70** (finais do franquismo e primeiros anos da transición. Esta viraxe positiva vén marcada polos seguintes factores:

Comézanse a realizar celebracións estables de teatro, especialmente as **Mostras de Teatro Galego de Ribadavia** co seu **Concurso de Teatro Abrente**. Trátase dunha verdadeira feira teatral que reunía compañías, dramaturgos e público de toda Galicia, unha plataforma de lanzamento para o teatro galego, onde se debatía sobre teatro e se representaban as obras.

Estas mostras de teatro convertéronse nunha plataforma de lanzamento de novos autores e de numerosas compañías de **teatro independente e de afeccionados** nas principais cidades galegas (cómpre sinalar as agrupacións *Antroido, Troula ou Artello, O Facho, teatro Circo, Teatro de máscaras...*).

Dos autores do **Grupo de Ribadavia** salientan as seguintes **características**: son os primeiros dramaturgos integrais, xa que non só escriben textos, senón que tamén son directores e actores; elaboran un teatro moderno, experimental, conectado coas tendencias internacionais; nas súas obras domina o compromiso social e a defensa da cultura e lingua do país e inician o teatro infantil.

Entre a importante nómina de dramaturgos, Francisco Taxes, Pepe Agrelo, Camilo Valdeorras... salientamos tres:

**Manuel Lourenzo** (autor, actor, director, fundador das principais compañías coruñesas, director de escolas de formación teatral coma Casa Hamlet, Premio Nacional de teatro...) ten unha amplísima e variada obra con diversos ciclos temáticos:

- recreación de mitos clásicos ou da materia de Bretaña: *Todos os fillos de Galaaz, Electra.*
- recreación de mitos históricos galegos: *Xoana, Erros e ferros de Pedro Madruga.*
- ciclo da dramática urxente ou “teatro do inmediato” composto por algunhas obras de teatro experimental e outras de crítica social situadas no momento presente: *Magnetismo, A estratexia do narco.*

**Euloxio rodriguez ruibal.** Foi o gañador do primeiro concurso de Ribadavia coa obra *Zardigot*, tanto esta primeira obra coma *O Cabodano* son parábolas contra a violencia e a opresión en forma de teatro experimental. As obras posteriores son satíricas: *Azos de esguello e Unha macana de dote.*

**Roberto Vidal Bolaño.** Ademais de autor, foi tamén actor e director das súas propias compañías. Ofrecenos obras moi variadas e innovadoras, combinando elementos populares con outros vanguardistas e cinematográficos. Nas primeiras obras, coma *Laudamuco, señor de ningures*, utiliza elementos parateatrais da tradición popular (entroido).

Noutras realiza unha crítica desmitificadora dos nosos mitos, como da tumba do Apóstolo ou de Rosalía, por exemplo en *Agasallo de sombras*;

As últimas son unha aceda crítica da sociedade actual: *Saxo Tenor* ou *A ópera do patacón.*